

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 7**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de ABRIL de 2009, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (S. Extr. 02.02.09 e Ord. 26.02.09)

#### **ALCALDÍA**

2.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 13.04.09 pola se da de baixa como membro da Xunta de Goberno Local a D<sup>a</sup> Elena Maure Noia.

#### **XESTIÓN MUNICIPAL**

3.- Cambio dun representante veciñal do Grupo municipal Socialista no Consello de Administración do IMD.

4.- Descatalogación do camiño do Cerqueiro, código no rueiro 02580 do Inventario Municipal. Proposta desestimatoria. Exp. 18574/240.

5.- Dar conta do estado de execución orzamentaria correspondente ó primeiro trimestre do ano 2009. Exp.101406/140.

#### **SERVIZOS XERAIS**

6.- Dar conta da tramitación polo procedemento de emerxencia da contratación das obras de seguranza do muro de contención da rúa Canteiros-Matamá. Expte. 12381-444.

#### **MOCIÓNS**

7.- Moción do Grupo Popular instando se desestime a proposta de situar a Biblioteca do Estado no edificio da Escola de Artes e Oficios.

8.- Moción do Grupo Popular solicitando diversos arranxos no contorno dos pavillóns deportivos do Areal e do Berbés.

9.- Moción do Grupo Popular instando se realicen estudos e se tomen medidas para protexer o medio ambiente co gallo das obras de humanización.

10.- Moción do Grupo Popular instando se solicite á empresa VITRASA que realice xestións encamiñadas a que os usuarios poidan solicitar a tarxeta de transporte en calquera oficina de Caixanova.

11.- Moción do Grupo Popular solicitando se inste ó Ministerio de Industria a que poña en marcha un plan de axudas para adquisición de vehículos novos.

## 12.- Rogos e preguntas

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTESETE DE ABRIL, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 23 de abril de 2009

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.